

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades deportivas para o ano 2018

ANUNCIO

O concelleiro-delegado da Área de Xuventude e Deportes, ditou a resolución número 875/2018, do 19 de xuño, que é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

Con data 17 de xuño de 2018 redactáronse as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades deportivas para o ano 2018.

Con data 18 de xuño de 2018 o técnico de deportes emitiu informe favorable relativo ás citadas bases.

Proposta de gasto asinada en data 18/06/2018.

Informe de fiscalización favorable núm. 295/2018, de data 18 de xuño do técnico de xestión.

FUNDAMENTOS LEGAIS

O Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

POLO PRESENTE RESOLVO:

1.º.–Aprobar as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades deportivas, para o ano 2018 que deseguidos se reflicten.

2.º.–Aprobar o gasto de 530.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2018.0.341.48900 dos orzamentos do Concello.

3.º.–Ordenar a publicación das bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades deportivas para o ano 2018 no Boletín Oficial da Provincia.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2018

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído o Concello das Pontes de García Rodríguez, convócanse as presentes axudas na área de Deportes para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

Primeiro.–Beneficiarios.

Entidades deportivas sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades solicitantes, deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes có obxecto da subvención.

- Que os seus estatutos teñan obxectivos e finalidades deportivos.
- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións de Galicia, e no Rexistro de Asociacións do Concello das Pontes.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello ou sobre temas de interese para o Concello.

Segundo.–Obxecto.

A presente convocatoria, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de bases do réxime local, Lei 5/1997, de administración local de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei de subvencións de Galicia, título V das bases de execución do orzamento do Concello das Pontes para o exercicio de 2018, ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ás entidades deportivas para o ano 2018.

O Concello das Pontes de García Rodríguez quere pola presente convocatoria dar apoio ás entidades deportivas e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, a fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo deste xeito a impulsar a democratización da sociedade.

Condicións e obrigas

- As entidades que organicen actividades de programación deportiva quedarán obrigadas a comunicalo con anterioridade ao servizo de deportes do Concello das Pontes, co fin de organizar a programación deportiva anual do Concello. O non cumprimento desta obriga poderá ser causa da perda da subvención.
- Con carácter xeral a subvención solicitada nunca superará o 100 % do presuposto estimativo de gastos presentados e posteriormente xustificados.

Actividades e gastos subvencionables

O Concello das Pontes subvencionará os gastos que xere o desenvolvemento das actividades das entidades deportivas solicitantes ou a súa participación nas diferentes competicións.

Terceiro.-Importe.

Destinaranse 530.000,00 € ás subvencións para actividades deportivas con cargo á aplicación orzamentaria 2018.0.341.48900.

Cuarto.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/es/index.html>. Só se poderá presentar unha solicitude por titular (si se presentan máis, só se valorará a primeira).

O prazo será de DEZ días, contados a partir do día seguinte ao da publicidade do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes cumprimentaranse pola persoa que actúe en nome ou representación da persoa xurídica solicitante, mediante certificado electrónico de algunha das autoridades recoñecidas como emisoras. A este efecto serán válidos, polo tanto, o certificado dixital da persoa xurídica ou ben o certificado dixital da persoa física que represente á entidade.

Támén poderán presentarse por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade (agás as xa rexistradas no rexistro de entidades do Concello).
- Fotocopia da tarxeta do NIF do representante.
- Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo modelo dispoñible na sede electrónica : <https://sede.aspontes.com/gl/procedimientosytramites/tramites/solicitudgeneral>.
- Declaración xurada do beneficiario ou o seu representante das subvencións solicitadas para a mesma finalidade ou de non ter solicitadas subvencións para a mesma finalidade.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello.
- Certificación do número de socios en activo a data 01/01/2018.
- Certificación na que a entidade se compromete a facer constar a colaboración do Concello das Pontes en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.
- Declaración do representante, na que conste que a entidade está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello.
- Declaración do representante, de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.
- Declaración xurada do beneficiario ou o seu representante das subvencións solicitadas para a mesma finalidade ou de non ter solicitadas subvencións para a mesma finalidade.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello.

- Autorización para que o Concello poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Documentación específica en función da tipoloxía da entidade

- Memoria explicativa da/s actividade/s para as que se solicita a subvención; a memoria deberá facer mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, o calendario fixado e antigüidade da mesma (anualidades que se leva realizando a actividade)
- Certificación expedida pola Federación respectiva, na que se especifique:
 - * Número de licencias en activo, por categorías, durante o ano 2018.
 - * Equipos en categorías inferiores.
- Calendario da competición dos equipos da entidade durante o ano 2018.
- Orzamento estimado dos gastos, e previsión de ingresos correspondentes para os ditos gastos
- Importe da subvención solicitada e declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.

Coa finalidade de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria aos interesados, así como a outros servizos ou expertos.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

Quinto.–Criterios de valoración.

Os criterios de valoración suman un importe total de 100 puntos. A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- 1) Repercusión e grado de interese das actividades a desenvolver pola entidade: ata 40 puntos.

Cuestións que se poden valorar dentro deste criterio:

Impacto previsto, innovación, duración do programa, consolidación das actividades desenvolvidas (actividade desenvolvida anteriormente), colaboración DIRECTA e ACTIVA coas actividades organizadas polo Concello de As Pontes así como con outras entidades e relación entre o interese das actividades e o orzamento presentado.

- 2) Adecuación das actividades que se van a desenvolver ao interese municipal: ata 40 puntos.

Cuestións que se poden valorar dentro deste criterio:

Coincidencia coas liñas estratéxicas, obxectivos e criterios da área de deportes, esforzo financeiro (busca doutras fontes de financiamento), eficiencia na asignación de recursos, número de participantes e ámbito xeográfico.

- 3) Fomento por parte da entidade solicitante do deporte base da modalidade para a que se solicita subvención: ata 20 puntos, no que se pode valorar dentro deste criterio, os colectivos aos que van dirixidas as actividades desenvolvidas incluíndo o maior número posible grupos de idade.

Sexto.–Procedemento de concesión.

O réxime aplicable á subvención é o de concorrencia competitiva. A concesión da subvención realizarase mediante resolución do Concelleiro Delegado, a proposta motivada da comisión avaliadora que requirirá informe do servizo de deportes (órgano instrutor do expediente) no que figure que da información que consta no seu poder, derívase que os beneficiarios reúnen todos os requisitos necesarios para acceder á subvención. A comisión avaliadora realizará a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios sinalados no artigo anterior, proponendo a adxudicación da subvención a aquelas que tiveran maior valoración, sen exceder, en ningún caso, o importe da dotación orzamentaria fixada nestas bases. A comisión avaliadora redactará unha acta puntuando as solicitudes de acordo cos criterios enumerados nas bases e proponendo un importe a subvencionar.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: o concelleiro de deportes e xuventude ou persoa en quen delegue.

Vogais: dous concelleiros/as designado/as polo alcalde, e dous traballadores municipais.

Na comisión desenvolverá as funcións de secretaría, sen voto, persoal da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

Será preceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto e das solicitudes.

Sétimo.-Resolución e notificación.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación do resto de solicitudes. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

O acordo definitivo que outorga ou denega a subvención será notificado aos solicitantes.

Reformulación de concepto e modificación de concepto

Reformulación de solicitudes

Unha vez notificada a resolución de concesión, a reformulación de solicitudes a que se refire o artigo 27 da Lei xeral de subvencións e o artigo 61 do seu regulamento de desenvolvemento, será automática, de tal modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ao solicitado polo beneficiario, o presuposto subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior reducirase proporcionalmente.

Modificación de concepto

Unha vez notificada a resolución de concesión, despois de solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse a reformulación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou presuposto da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo de tres meses dende a notificación da concesión e será obxecto de resolución despois da proposta previa da Comisión Avaliadora.

Oitavo.-Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación finaliza o 30 de novembro de 2018, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), será requirido ao beneficiario para a súa presentación (art.70 do Regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento, dará lugar a que por resolución do concelleiro de deportes se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención municipal para o seu reflexo contable.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto xeral do Concello das Pontes de García Rodríguez para o exercicio 2018.

Noveno.-Forma de xustificación.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade ou proxecto, subvencionado. O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade ou proxecto de que se trate, nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Haberá que xustificar a totalidade do gasto orzamentado aprobado na resolución declarativa da subvención, que será o indicado no seu día no orzamento presentado coa solicitude, ou no seu caso, no orzamento reformulado.

Cando o importe xustificado sexa inferior ou superior ao presentado na solicitude de subvención, so se aceptarán desviacións de financiamento debidamente xustificadas.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial.

Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Deberá xustificarse tanto o 100% da subvención concedida polo Concello de As Pontes coma o importe obtido por outros ingresos e/ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada para o que entregarán relación con indicación do importe e a súa procedencia.

Sistema de xustificación

A xustificación terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da Sede Electrónica do Concello, <https://sede.aspontes.com/es/index.html>

En xeral, a xustificación efectuarase mediante a presentación pola persoa ou entidade beneficiaria dunha conta xustificativa simplificada, segundo se describe a continuación.

A conta xustificativa incluirá:

- a) A memoria das actividades levadas a cabo para a execución do programa.

b) Unha relación clasificada de ingresos e gastos, asinada polo secretario e o presidente (ou representante) da entidade correspondente á execución do programa.

A relación clasificada de ingresos conterá unha relación individualizada de todas as achegas recibidas, así como dos ingresos obtidos por publicidade, patrocinio, etc., co importe total calculado; no caso das achegas de empresas, anuncios na relación deberá constar o nome da empresa e CIF, ou no seu caso, nome, apelidos completos en abreviaturas e NIF.

A relación clasificada de gastos conterá unha relación individualizada con indicación do concepto de gasto subvencionado, acredores (nome da empresa e CIF, ou de ser o caso, nome, apelidos completos en abreviaturas e NIF), dos tipos de documentos (n.º de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e data de pago).

c) Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente que se presentarán electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotejo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Deberá acompañarse xustificante bancario no que deben constar o número de factura, obxecto de pago, identificación da persoa pagadora e a destinataria do pago, que deberá coincidir con quen expide a factura.

As entidades beneficiarias das subvencións municipais deben utilizar, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario, excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 300 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

Toda a documentación deberá presentarse en formato PDF (o máximo do total dos arquivos presentados por cada rexistro telemático será de 15MB).

Unicamente serán gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade ao vencemento do prazo da xustificación da subvención. Aos efectos da consideración de subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando que de xustifico o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.

d) Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do concello en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades ou investimentos subvencionados.

As entidades subvencionadas deberán lucir en todas as súas equipacións de competición o texto "Concello de As Pontes", ocupando unha zona visible e preferente así como insertar o logotipo en lugar preferente nos carteis, dípticos e folletos que edite o club en referencia ás actividades obxecto de subvención da presente convocatoria.

Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables:

- Os gastos derivados da organización e realización das actividades subvencionadas; o material funxible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionadas.
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- Retribucións a persoal técnico e dos monitores que teñan relación laboral ou de arrendamento e servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá minuta cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE.
- Os gastos correspondentes a voluntarios ou monitores que colaboren coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, dereitos de arbitraje, conferenciantes, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta que contará cos seguintes datos:
 - Nome, CIF e enderezo da entidade.
 - Nome e apelidos do monitor, ou seu NIF e enderezo.
 - A cantidade que recibe e correspondente retención de IRPF.
 - O concepto polo que se paga (actividade, curso, etc.).
 - Datas nas que se impartiu a actividade, curso...
 - Lugar e data da emisión do recibo.
 - Sinatura do monitor ou voluntario.

Xunto con esta documentación acompañarase:

- Certificado do secretario/a da entidade declarando que o perceptor e persoa allea á mesma
- Declaración xurada do perceptor conforme a cantidade recibida é en concepto de gratificación pola súa colaboración
- Premios en metálico, que terán a correspondente retención de IRPF cando superen os 300 €. O xustificante do pago do premio contará cos seguintes datos:
- Bases ou cartel no que consten os premios en metálico a outorgar.
- Nome, CIF e enderezo da entidade.
- Nome e apelidos do premiado, o seu NIF e enderezo.
- A cantidade que recibe en concepto de premio e o correspondente retención de IRPF se é necesario.
- O concepto polo que se recibe o premio (competición, etc.).
- Datas na que se desenvolveu o concurso
- Lugar e data da emisión do premio.
- Sinatura do premiado.
- Gastos de mantemento (aluguer, luz, auga, teléfono, consumibles, oficina).
- Axudas de custo por desprazamento relacionada coa actividade subvencionada. No caso de xustificar con axudas de custo, deberá achegarse ticket xustificativo do gasto efectuado en caso de desprazamento por autoestrada e factura a nome do/a perceptor/a da indemnización no caso de manutención. En todo caso estarase ao disposto no artigo 9 do R.D. 439/2007, do 27 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas en canto ás contías máximas excluídas de gravame. O concello facilitará un modelo de axudas de custo para que sexa cuberto e entregado coa conta xustificativa.

Para o caso das entidades deportivas serán subvencionables ademais os seguintes gastos:

- Gastos federativos (inscricións, licencias e mutualidade), co correspondente certificado federativo.
- Arbitrxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.
- Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia
- Avituallamentos
- Combustible (únicamente para desprazamentos vinculados directamente coa actividade: traslado a competicións, traslado a adestramentos).
- Transporte (únicamente para desprazamentos vinculados directamente coa actividade: traslado a competicións), por medio de facturas, acompañados do calendario oficial de competicións.
- Aloxamento
- Produtos farmacéuticos
- Imprenta e serigrafías
- Publicidade
- Trofeos
- Material deportivo funxible non inventariable (balóns, redes, raquetas, colchonetas, etc)
- Roupas deportiva
- Reparacións e mantemento de instalacións ou equipamento vinculado á actividade deportiva

Falta de xustificación ou xustificación insuficiente

Vencido o prazo de xustificación, ou de ser o caso da prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, o departamento de cultura requirirá para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo iniciarase o procedemento de reintegro, xunto ao interese de mora, nos termos establecidos no apartado 1 do artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

No caso de non ter xustificada a subvención correctamente en forma e prazo estipulados, a entidade non poderá participar na convocatoria de convenio do ano 2018.

Décimo.-Forma de pago.

O aboamento da subvención efectuarase do seguinte xeito: 80% do importe da subvención mediante pago por anticipado. O 20% restante pagarase cando sexan xustificada a subvención. Deberase constituír unha garantía polo importe anticipado incrementado nun 20%, exonerados de garantías os beneficiarios de subvenciones concedidas por importe inferior a 3.000 € segundo o art 42.2 do regulamento da lei de subvencions.

A subvención concedida será aboada mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade que figure no certificado de datos bancarios entregado coa documentación de solicitude.

O aboamento da subvención non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente xustificar algunha subvención cuxo prazo de xustificación xa finalizara. Tampouco se procederá ao aboamento se a entidade non reintegrara algunha subvención anterior cando así se lle requirira.

Para o cobramento da subvención a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e o Concello das Pontes, situación esta última que determinará de oficio o propio Concello, a través do Servizo de Recadación.

Décimo primeiro.-Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencions ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

Décimo segundo.-Publicidade da subvención por parte do beneficiario.

Á entidade solicitante que se lle conceda a subvención, deberá facer público este financiamento municipal, incluíndo o escudo do Concello en toda a publicidade que se xere (carteis, folletos, follas informativas...) nos medios electrónicos ou audiovisuais e nos anuncios que poida publicar nos medios de comunicación escritos.

Décimo terceiro.-Colaboración das entidades beneficiarias.

Á entidade solicitante á que se lle conceda a subvención, deberá colaborar no desenvolvemento da organización da Gala do Deporte Pontés que terá lugar bianualmente e na que se premia aos mellores deportistas do Concello de As Pontes.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencions, así como as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2018.

SOLICITUDE – Convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de As Pontes de García Rodríguez para o ano 2018.

1.- SOLICITANTE (Os datos cubertos neste apartado deberán coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada, e cos do titular da conta bancaria)

DATOS DA ENTIDADE			
Denominación social:		CIF:	
Enderezo social:		CP:	
Localidade	E-mail:	Tfno.:	
Nº rexistro de asociacións de Galicia:		Nº rexistro de asociacións do Concello As Pontes:	

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		DNI:
Enderezo a efectos de notificación:		
Localidade	CP:	Provincia:
Teléfono/s:	E-mail:	

SUBVENCIÓN SOLICITADA	
Orzamento total:	Contía solicitada:

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA	
Sinale cun X se presentou a seguinte documentación con esta solicitude (ou xa foi presentada en convocatorias anteriores):	
<input type="checkbox"/>	Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade
<input type="checkbox"/>	Fotocopia da tarxeta do NIF do representante
<input type="checkbox"/>	Fotocopia compulsada do estatutos modificados e adaptados á lei 3/2012, do 2 de abril, do deportes de Galicia
<input type="checkbox"/>	Certificación dos datos bancarios da entidade

DOCUMENTACIÓN XERAL DA ENTIDADE

D/Dna. _____, con DNI _____ como secretario/a da entidade _____

CERTIFICA:

1.-Que o número de socios activos desta entidade a 1/01/2018 é de: _____

2.-Que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día _____, adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude:

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA O ANO 2018.

3.- Que así mesmo, acordouse nomear a D/D^a _____ como representante para as relacións desta entidade co Concello.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en _____, o _____ de _____ 2018.

Vº e praxe
O presidente

Asinado:
O Secretario

D/Dna. _____, co DNI _____ como representante da entidade _____ co CIF _____

DECLARO:

1.- Que a entidade está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello.

2.- Que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e que coñezo e acepto as bases desta convocatoria.

3.- Autorizo ao Concello de As Pontes a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÍ NO

4.- Que a entidade comprométese a facer constar a colaboración prestada polo Concello de As Pontes en toda a información (impresa, informática e audiovisual) que se faga das actividades subvencionados e na súa páxina web.

En _____, o _____ de _____ de 2018

Sinatura,

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DA SUBVENCIÓN

OBXECTO DA ACTIVIDADE	ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS	IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

MEMORIA EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN**Nº DE PERSOAS QUE SE BENEFICIAN DA AXUDA:****CALENDARIO DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN:**

-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-

